

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA PRESENTA O PLAN DE CONTINXENCIA FRONTE A GRIPE E A COVID PARA A TEMPADA 2022-2023

- Nel determínanse as actuacións previstas para garantir a axeitada organización de medios para a atención asistencial á súa poboación durante a época de maior pico de afectación destas infeccións respiratorias
- Na súa elaboración participaron os servizos de Medicina Preventiva, Microbioloxía, Urxencias, Pneumoloxía, Medicina Interna, Pediatría, Neonatoloxía, a Unidade de Coidados Intensivos, Admisión e Atención Primaria

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022.- Xerencia e profesionais da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza presentaron esta mañá ante os medios de comunicación o Plan de Continxencia fronte a Gripe e a Covid-19 para a Tempada 2022/2023, no que se determinan as actuacións previstas na xerencia compostelá para garantir a axeitada organización de medios e a atención asistencial á súa poboación durante a época de maior incidencia de infeccións respiratorias entre a poboación.

Dito plan ten un marcado carácter multidisciplinar, xa que foi elaborado entre a dirección asistencial e os responsables dos servizos de Urxencias, Medicina Preventiva, Medicina Interna, Pneumoloxía, Atención Primaria, Pediatría, Neonatoloxía, Microbioloxía, Unidade de Coidados Intensivos e Admisión, tanto por persoal facultativo como de enfermería.

Esta mañá a xerente de Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez, presentou aos medios de comunicación este plan acompañada polo director asistencial Procesos, Alfonso Varela, a directora de Procesos con Ingreso, Eva San Luis, a directora de Procesos Asistenciais de Enfermería, Victoria Carral, o director de Atención Primaria, Felipe Calle, a subdirectora de Procesos sen Ingresos e Urxencias, Ana Turnes e os responsables dos servizos que participaron na elaboración do Plan de Continxencia.

Este plan complementa ao *Protocolo de medidas de prevención de microorganismos de alerta no ámbito hospitalario* e ás recomendacións do *Plan Nacional de Resistencia a Antibióticos*. As medidas contidas neste documento engádense ás precaucións estándar que se deben gardar con todos os pacientes e en todo momento e en ningún caso as substitúen. As indicacións recollidas neste protocolo están en liña coas establecidas na situación epidemiolóxica actual e esperable para os próximos meses (inverno 2022-23), co coñecemento científico actual e cos protocolos e procedementos doutros centros sanitarios da nosa contorna. Este documento debe estar, por tanto, en constante revisión.

O Plan destaca a necesidade de priorizar, sempre que se poida, a asistencia da gripe e da Covid-19 nos dispositivos de Atención Primaria, para evitar as consecuencias máis graves debidas á infección, entre elas efectos adversos da hospitalización como as infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria, episodios de desorientación, traumatismos por caídas ou hemorragias; atender os picos de demanda nos diferentes dispositivos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

asistenciais; prestar a mellor asistencia aos doentes con infección respiratoria garantindo o normal funcionamento do resto do hospital; minimizar posibles brotes e contemplar os procedementos alternativos para dar resposta ao incremento da demanda.

Nel defínense os protocolos a seguir nos casos sospeitosos, tanto na atención primaria como na hospitalaria así como os criterios básicos de ingreso hospitalario. Tamén se especifican medidas organizativas para a axilización da asistencia cando o incremento de afluencia de pacientes o require.

Trala exposición do plan a cargo do directo Asistencial, Alfonso Varela, a xefa de Medicina Preventiva, Cristina Fernández analizou a situación e previsións epidemiolóxicas para esta tempada e destacou que a área sanitaria compostelá é a única en Galicia que participa no sistema de vixilancia centinela de IRAG do Instituto de Saúde Carlos III (SIVIGA).

Este sistema permite a vixilancia da covid, gripe, VRS e calquera outro virus respiratorio en circulación que poida emerxer no futuro. Este protocolo implica a realización de probas PCR de cribado aos pacientes que son hospitalizados semanalmente con sospeita de IRAG (Infección respiratoria Aguda Grave).

Campaña de vacinación fronte á gripe

Na comparecencia ante os medios, a xerente da área compostelá lembrou que a mellor medida de prevención segue a ser a vacinación e instou á poboación diana a vacinarse tanto da Gripe como da Covid-19, ademais das medidas xa coñecidas por todos de hixiene de mans, uso de máscara ante os primeiros síntomas e distancia social. Destacou, así mesmo, que Galicia foi a primeira comunidade en incluír a vacinación pediátrica (con idades comprendidas entre os 6 e os 59 meses) na campaña de vacinación gripal deste ano.

A campaña de vacinación da gripe comezou para a poboación galega o pasado 10 de outubro e estendese ata o 31 de decembro nos 76 puntos de vacinación situados nos centros de saúde da área sanitaria compostelá.

Ata o de agora, nesta tempada, vacináronse contra a gripe na área compostelá o 70,89 % dos maiores de 65 anos e o 30 % dos nenos.

A campaña de vacinación vai dirixida ás persoas de 60 ou máis anos de idade; embarazadas e persoas pertencentes a grupos de risco: aquelas con patoloxías cardíacas, respiratorias, renais, endócrinas, persoas con cancro ou outras inmunodeficiencias, con obesidade mórbida ou con disfunción cognitiva, entre outras. Así como profesionais sanitarios, de servizos sociais e outros traballadores considerados "esenciais".

Saúdos do Gabinete de Comunicación e Imaxe